

CONCELLO DE FERROL

Área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal

ANUNCIO

Aprobación definitiva do Regulamento de funcionamento da Oficina de Obxectos Perdidos do Concello de Ferrol.

O Excmo. Concello Pleno, na sesión celebrada o día 29 de xullo de 2021, acordou a aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento da Oficina de Obxectos Perdidos do Concello de Ferrol.

Dito acordo de aprobación inicial foi publicado no BOP nº 160, de 24 de agosto de 2021 e someteuse a exposición pública por un prazo de trinta días hábiles contados a partir do día seguinte ó da súa publicación para a presentación de reclamacións ou suxestións.

No citado prazo non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que de conformidade co establecido no apartado c) do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En cumprimento do artigo 70.2, en relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, publícase o texto íntegro do Regulamento de funcionamento da Oficina de Obxectos Perdidos do Concello de Ferrol.

Regulamento de funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol

Exposición de motivos

O Código civil, nos artigos 615 seguintes, regula o procedemento a seguir respecto dos obxectos perdidos e dispón que a persoa que atopa un obxecto extraviado, cuxo propietario ou propietaria non sexa coñecida, debe consinalo en poder do Alcalde do concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, establece aspectos esenciais do réxime xurídico dos bens das entidades locais. A Lei

33/2003, de 3 novembro, do patrimonio das Administracións públicas contempla, entre outros aspectos, o concepto de ben patrimonial das administracións, os modos de adquisición, entre os que se figura o da ocupación, a obrigaón de realizar inventario patrimonial e a venda e cesión gratuíta destes bens. Como consecuencia da adaptación á devandita lei, este regulamento alude ao inventario municipal do que formarían parte os obxectos perdidos, unha vez transcorrido o tempo establecido no Código Civil, sempre que non sexan reclamados pola persoa propietaria ou a persoa que os atopou.

Ademais, é necesario adaptar a norma ao Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no que se regula o concepto e a clasificación dos bens das Corporacións locais, así como o réxime dos bens patrimoniais e o concepto bens non utilizables.

Concretamente nesta normativa régúlese a posibilidade de que as entidades locais adquiren bens e dereitos por ocupación, remitindo, en canto á súa normativa específica, ao Código Civil e ás leis especiais.

De conformidade cos principios establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, este regulamento cumpre os principios informadores da acción normativa contidos no art. 129 da citada lei, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia porque a elaboración e aprobación deste regulamento está xustificada por razóns de interese xeral e persegue como fin a regulación de forma clara, simple e sinxela do funcionamento da oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol, adscrita á Policía Local, dado que non existía unha regulación desta competencia municipal e, por iso, débese regular e establecer neste texto o procedemento ante a situación de atopar obxectos mobles na vía pública dos que se descoñece a persoa propietaria o funcionamento da oficina, o lugar ao que se pode dirixir calquera persoa que encontrase un obxecto perdido ou o cidadán ou cidadá que extravíe un obxecto por se se atopase na citada oficina, a publicidade que debe dar o Concello dos obxectos que se depositan na mencionada oficina, cales son os que se poden depositar, os dereitos e obrigaóns da persoa propietaria e da persoa que atopa un obxecto e os prazos para facelos valer e a finalización do depósito.

A Constitución española e, en particular, a garantía da autonomía local, constitúe o fundamento xurídico esencial da presente norma. Así mesmo,

constitúe título competencial desta norma o disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das Administracións públicas.

En definitiva, o Concello de Ferrol, en uso da potestade regulamentaria que lle atribúe o artigo 4 da Lei 7/1985 e en resposta ás obrigacións municipais que lle corresponden de acordo co sinalado e co artigo 25 do mencionado texto legal, redacta o presente regulamento.

Preámbulo

Capítulo I.-Disposicións xerais

Artigo 1.-Adscrición e obxecto da Oficina de Obxectos Perdidos

Artigo 2.-Definicións

Artigo 3.-Obxectos non admitidos

Capítulo II.-Procedemento de admisión, custodia e entrega dos obxectos perdidos.

Artigo 4.-Procedemento de admisión de obxectos

Artigo 5.-Rexistro e almacenaxe

Artigo 6.-Comunicación á persoa propietaria

Artigo 7.-Requisitos para a entrega de obxectos ás persoas propietarias

Artigo 8.-Comunicación de datos persoais

Artigo 9.-Publicidade de obxectos depositados.

Artigo 10.-Prazo de depósito

Artigo 11.-Fin do prazo de depósito

Capítulo III.-Adquisición e disposición dos obxectos perdidos.

Artigo 12.-Adquisición e disposición dos obxectos perdidos.

Capítulo IV.-Dereitos das persoas usuarias da oficina de obxectos perdidos.

Artigo 13.-Dereitos das persoas usuarias.

Disposición transitoria única.

Disposición adicional única.

Disposicións finais

Disposición final primeira

Disposición final segunda

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1.-Adscrición e obxecto da Oficina de Obxectos Perdidos.

1. A Oficina de Obxectos Perdidos, adscrita á Policía Local, encárgase da xestión dos obxectos perdidos no termo municipal de Ferrol.
2. A Oficina de Obxectos Perdidos ten como obxecto o depósito e custodia de ben moble extraviado durante un prazo máximo de dous anos, contado desde a data de publicación do achado e, de ser o caso, a devolución deste á persoa propietaria. En caso que non fose posible a localización da persoa propietaria ou non acudise a recollelo no prazo establecido, devolverase o obxecto á persoa que atopou o obxecto, se existise. En caso de non existir persoa que atopou obxecto ou esta renunciase ao seu dereito, o ben pasará a ser propiedade municipal.

Artigo 2.-Definicións

1. Considérase obxecto perdido, para efectos deste regulamento, todo aquel ben moble que é atopado no termo municipal de Ferrol e se deposite na Oficina de Obxectos Perdidos.
2. Considérase persoa que atopou ou atopa o obxecto, para efectos deste regulamento, calquera persoa física ou xurídica que deposite na Oficina de Obxectos Perdidos un obxecto atopado, manifeste a súa vontade de adquirir a propiedade deste por ocupación e facilite os seus datos de identificación.

Artigo 3.-Obxectos non admitidos

A Oficina de Obxectos Perdidos non admitirá os seguintes obxectos:

- 1) Os que sexan insalubres, nocivos, perigosos ou percedoiros, con especial mención a alimentos, bebidas, produtos químicos ou medicamentos.
- 2) Os que conteñan algún organismo vivo ou materia orgánica.
- 3) Os obxectos que debido ao seu grao de deterioración sexa imposible a súa custodia ou perdesen a súa unidade como cousa.
- 4) Aqueles cuxo tráfico comercial fose ilícito.
- 5) Os que se estean baixo custodia xudicial ou policial.
- 6) Os vehículos

- 7) Aqueles cuxas dimensións impidan a súa custodia nas condicións debidas.
- 8) Obxectos suxeitos ao regulamento de armas en vigor.
- 9) Explosivos ou material pirotécnico.
- 10) Os que non se encontrasen no termo municipal de Ferrol.
- 11) Obxectos que teñan a consideración de residuos conforme á “Ordenanza municipal de limpeza viaria e recolleita de residuos urbanos”
- 12) Obxectos que infundan sospeitas de entrañar riscos na súa manipulación.
- 13) Nestes casos, se o solicitase a persoa que atopou o obxecto, farase constar mediante a correspondente dilixencia na que se exprese a causa do rexeitamento.
- 14) Se con posterioridade á admisión dun obxecto se tivese coñecemento de que contén algún outro no que concorran algunha desas circunstancias procederase á súa destrución, ou entregaráselle este, de ser o caso, á autoridade competente, e comunicaráselle á persoa que o atopara, se a houberse, e deixarase dilixencia das actuacións no expediente. En caso de que existise algún tipo de indicación que permita identificar a persoa propietaria, informaráselle da actuación realizada.

Capítulo II. Procedemento de admisión, custodia e entrega dos obxectos perdidos

Artigo 4. Procedemento de admisión de obxectos

1. Ás persoas que depositen bens na Oficina de Obxectos Perdidos entregaráselles un xustificante no que conste a data de entrada na oficina, a data e o lugar en que se atopou e a descrición do obxecto entregado e informarase da súa expectativa de dereito á propiedade do ben atopado, transcorrido o prazo indicado no artigo 10.1, se a persoa propietaria non o reclamou. De estar interesada en adquirir a propiedade do obxecto deberá manifestalo por escrito e facilitar os seus datos persoais.

Informarase igualmente á persoa que atopou de que no prazo máximo dun mes, contado desde o vencemento dos dous anos desde a data de entrega do obxecto, poderá reclamar a propiedade deste ante a Oficina de Obxectos Perdidos, e advertiráselle de que, de non o facer, considerarase desistido no seu dereito.

2. A persoa que atopase e entregase un obxecto perdido na Oficina de Obxectos Perdidos poderá renunciar á súa expectativa de dereito de propiedade sobre o obxecto desde o momento da entrega ata o momento en que adquirise, se é o caso, a condición de propietario.

A renuncia será expresa e por escrito, deberán constar os datos identificativos, a data e a súa sinatura. A persoa que o atopase poderá renunciar mediante representante sempre que se acredite fidedignamente a representación. Así mesmo, entenderase desistida no seu dereito de expectativa á propiedade a toda persoa que, unha vez feita a entrega dun obxecto, non facilite os seus datos persoais.

Artigo 5.-Rexistro e almacenaxe

Unha vez admitido un obxecto, efectuarase o seu rexistro informático, consignándose todos os datos necesarios de xestión. Os obxectos almacenaranse na forma que se determine e, en caso de se tratar de obxectos de valor, serán custodiados e adoptaranse as medidas de seguridade adecuadas.

Todos eles estarán identificados co seu número de rexistro. Se se producise nalgún momento a situación de ocupación máxima das instalacións da Oficina de Obxectos Perdidos, os obxectos que se recepcionen poderán ser depositados de xeito transitorio noutro lugar que se designe, con idénticos requisitos de almacenamento e control contemplados neste regulamento.

De se considerar conveniente, poderanse clasificar os obxectos depositados por tipos ou categorías; nese caso poderanse establecer as seguintes clases de obxectos:

- a) Documentos persoais de identificación, pasaportes, carnés en xeral, documentación civil, mercantil, administrativa, etc.
- b) Chaves
- c) Xoias, reloxo, bixutería, lentes, obxectos relixiosos, abanos.

d) Teléfonos, ordenadores portátiles, tabletas, cámaras fotográficas e de vídeo e aparellos electrónicos en xeral.

e) Roupas, luvas, chapeos, tocados, calzado, bolsos, carteiras, maletas, mochilas, bolsas de man, paraugas, bastóns, próteses, muletas, libros, láminas, cadros, material escolar, material deportivo, xoguetes, paquetería en xeral, material ornamental.

f) Utensilios e ferramentas, navallas non suxeitas ao Regulamento de armas e obxectos non clasificados con anterioridade.

Artigo 6.-Comunicación á persoa propietaria

Se o obxecto contivese indicacións ou datos que permitan a identificación directa e inequívoca da persoa propietaria do obxecto, ou estes se deducisen claramente das circunstancias do achado, avisaráselle inmediatamente para que o recupere. O medio que se empregará será o que se considere máis adecuado ou o máis eficaz e rápido segundo as circunstancias que concorran en cada caso. Das xestións realizadas e do seu resultado deixarase constancia no expediente anexo a cada número de rexistro.

Artigo 7.-Requisitos para a entrega de obxectos ás persoas propietarias.

1.- A entrega de obxectos a quen se identifiquen como os seus presuntos lexítimos propietarios só poderanse efectuar se estes acreditasen selo de xeito fidedigno e esta condición non esperte dúbida nin suspicacia ningunha sobre iso.

2.- A xustificación da propiedade e do vínculo que une ao obxecto co seu presunto propietario levarase a efecto mediante a presentación de facturas, recibos, contratos ou documentos de adquisición do obxecto, fotografías, exhibición de unidades xemelgas (as parellas de pendentes ou de xemelgos que posúa a persoa reclamante), ou calquera outro medio eficaz de acreditala.

3.- Se non posúise medio material ningún para xustificar a lexítima propiedade sobre o obxecto deberá describilo polo miúdo, sen acceso previo ao obxecto nin á súa imaxe, especificando coa máxima precisión as circunstancias temporais e xeográficas do extravío.

4.- Documentarase a entrega facendo constar a identidade do receptor e o momento exacto de efectuala e requirírase que autorice expresamente a

disposición dos seus datos persoais ante a persoa que atopou o obxecto que manifeste interese por este ou pola recompensa.

A persoa propietaria poderá retirar o obxecto:

- a. Persoalmente na Oficina de Obxectos Perdidos.
- b. Mediante unha terceira persoa; neste caso deberanse achegar os seguintes documentos:
 1. Fotocopia do documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte...) da propietaria.
 2. Fotocopia do documento de identificación (DNI, NIE, pasaporte...) da persoa autorizada.
 3. Documento de autorización, asinado pola persoa propietaria, no que se consignen con claridade os datos de identificación da persoa autorizada.
- c. Mediante servizo de mensaxaría, remitido pola persoa interesada. En todo caso, a persoa propietaria asumirá os posibles gastos de envío ou de calquera outra índole que, de ser o caso, se deriven do proceso de entrega.

Artigo 8.-Comunicación de datos persoais

Cando o obxecto se lle entregue á súa propietaria ou á persoa que autorizase, comunicaránselle os datos identificativos e de domicilio da persoa que atopou, se a houbese e así o consentise expresamente, para efectos da obrigaón establecida no artigo 616 do Código civil.

Para os mesmos efectos comunicárase á persoa que atopou a entrega do obxecto á persoa propietaria, así como os seus datos de acordo co contemplado na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello relativo á protección das persoas físicas, Regulamento xeral de protección de datos, será informada de modo expreso, preciso e inequívoco, de que os datos persoais que nos facilita na presente solicitude, serán tratados polo Concello de Ferrol coa finalidade exposta na súa solicitude, e poderán ser cedidos a calquera organismo público que o solicite en cumprimento de obrigaóns legais, para o que serve a subscripción da presente solicitude como consentimento expreso. A finalidade do tratamento dos datos que proporciona e o tempo durante o cal se conservarán obran no Rexistro de

tratamento de actividades que figura na páxina web do Concello de Ferrol, www.ferrol.gal.

Informaráselle de que en calquera momento poderá exercer o dereito de información, retirada de consentimento, acceso, rectificación, cancelación/supresión, oposición, limitación ou portabilidade nos termos establecidos no Regulamento xeral de protección de datos, (1) a través da Sede Electrónica accedendo ao seu perfil de usuario, (2) dirixíndose ao Concello de Ferrol, Praza de Armas s/n, 15402 Ferrol ou (3) poñéndose en contacto co delegado de Protección de Datos por este mesmo medio.

Artigo 9.-Publicidade de obxectos depositados

Periodicamente e sempre, polo menos, unha vez ao trimestre, expoñeráse no taboleiro de edictos electrónico do Concello de Ferrol, así como na súa web, durante un prazo de quince días naturais, a relación xenérica, de maneira que non permita a súa identificación, dos obxectos depositados na Oficina de Obxectos Perdidos desde a última publicación, e informarase que as persoas interesadas poden acudir á Oficina de Obxectos Perdidos a retiralos. Así mesmo, o devandito anuncio publicarase no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP).

Artigo 10.-Prazo de depósito

1.- Os obxectos permanecerán en depósito na Oficina de Obxectos Perdidos desde a súa entrega e por un prazo de dous anos que se comezará a contar desde o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública no taboleiro de edictos, en virtude do establecido no artigo 615 do Código Civil, sen prexuízo da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) e no Portal de Transparencia.

2.- Exceptúase a documentación pertencente a persoas doutras nacionalidades, non emitida polo Estado español ou por organismos oficiais españois, que se remitirá ao Consulado do país emisor unha vez transcorrido un mes desde a súa entrega á Oficina de Obxectos Perdidos.

3.- Naqueles casos de documentos emitidos por organismos oficiais españois, serán remitidos a tales organismos unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior.

4.- As chaves de calquera tipo que non contén con identificación suficiente para determinar a súa propiedade serán destruídas transcorridos dez días naturais, contados desde a súa recepción, sen necesidade de publicación previa.

5.- O diñeiro en efectivo, transcurrido un prazo máximo de 72 horas hábiles desde a súa entrega na Oficina de Obxectos Perdidos, ingresarase na conta do Concello habilitada para o efecto, ata a súa devolución á persoa propietaria ou á persoa que atopou, de ser o caso.

6.- Se se tratase de divisas estranxeiras ingresarase o seu valor en euros. A devolución farase por ese mesmo valor en euros, debendo detraerse ademais os posibles gastos de comisión por cambio de moeda.

7.- As tarxetas bancarias, transcurrido o prazo de dez días naturais desde a súa entrega na Oficina de Obxectos Perdidos, destruíranse.

Artigo 11. Fin do prazo de depósito. Notificación á persoa que atopa.

Transcurrido o referido prazo no artigo 10.1 sen que a persoa propietaria procedese á súa recollida, a persoa que atopou o obxecto poderá reclamar a propiedade, conforme ao disposto no artigo 4.1 do presente regulamento, e deberase formalizar por escrito. De non o reclamar en prazo a persoa que o atopou, entenderase que desiste do seu dereito de propiedade.

De se reclamar a propiedade e non terse localizado a lexítima persoa propietaria, concederáselle á persoa que atopou nun prazo dun mes, contado desde o día seguinte á notificación, para que faga efectiva a súa recollida. De non efectuar a recollida no prazo establecido, entenderáselle decaída no seu dereito, e o obxecto pasa a propiedade municipal.

En caso de que non se puidese practicar a notificación por causas alleas á Administración, notificarase mediante anuncio no BOP e no taboleiro de edictos municipal, concederáselles o prazo dun mes para a retirada do obxecto, contado desde o día seguinte ao da publicación da notificación no BOP.

De tratarse de efectos que conteñan ou fosen susceptibles de conter datos de carácter persoal protexidos pola normativa legal respecto diso, sempre que fose posible e cos medios de que se dispoñan, procederase ao borrado ou eliminación da información antes da súa entrega á persoa que o atopou. De non poder efectuarse o borrado ou eliminación da información que puidese conter o obxecto, farase entrega deste á persoa que o atopou nas condicións en que se encontre. Entregado o obxecto consignarase no expediente a data da súa entrega.

Capítulo III. Adquisición e disposición polo Concello de Ferrol dos obxectos perdidos

Artigo 12. Adquisición e disposición polo Concello de Ferrol dos obxectos perdidos.

1. En caso de que non existise persoa que atopou o obxecto, ou esta non o retirase, unha vez transcurrido o prazo de depósito sinalado no artigo 11 o Concello adquirirá o obxecto por ocupación e dispoñerá del por algún dos seguintes procedementos:

1.a. No caso de que se estimase a súa utilidade para uso municipal, poñerá a disposición das dependencias municipais conforme ao procedemento que se determine e incluírase no inventario municipal.

1.b. Os obxectos que non fosen de utilidade municipal e estivesen en condicións de uso venderanse, previa valoración técnica que acredite de xeito fidedigno o seu xusto prezo, ou poderán ser obxecto de cesión gratuíta a outras administracións públicas ou a organismos ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, mediante o procedemento regulado na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións públicas.

1.c. Os obxectos que non fosen de utilidade municipal e non puidesen ser obxecto de alleamento ou cesión gratuíta serán destruídos, clasificándoos previamente de conformidade coa normativa vixente de xestión de residuos.

2. Con carácter previo a calquera desas actuacións, se se apreciase que algún dos obxectos puidese ter interese histórico ou artístico poñerá en coñecemento do órgano municipal competente en materia de conservación do patrimonio histórico moble. En caso de que o devandito órgano apreciase o referido interese respecto dalgún ben poñerá o mesmo á súa disposición.

3. Cando se tratase de diñeiro en efectivo, ingresarase na Tesourería municipal.

Capítulo IV. Dereitos dos usuarios da oficina de obxectos perdidos

Artigo 13. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias deste servizo teñen dereito:

- a) A que se lles informe sobre se algún obxecto da súa propiedade está depositado na Oficina de Obxectos Perdidos.
- b) A que se entregue á persoa que o atopou un documento acreditativo de depósito do obxecto e a ser informada dos dereitos recoñecidos nos artigos 615 e 616 do Código civil.
- c) A que os obxectos atopados se custodien coa máxima dilixencia e en condicións que permitan evitar a súa deterioración.
- d) A ser informada a persoa que atopou o obxecto de que este se lle devolveu á persoa propietaria
- e) A que os datos proporcionados pola persoa que atopou o obxecto non sexan facilitados sen o seu consentimento expreso en virtude do establecido na lexislación de protección de datos.
- f) A ser informada a persoa propietaria sobre a cesión dos seus datos persoais á persoa que atopou o obxecto, se a houberse, en virtude do disposto no Código civil e na lexislación de protección de datos.
- g) A ser informadas as persoas propietarias e as que atoparon o obxecto de que existe un ficheiro de datos da Oficina de Obxectos Perdidos, así como dos seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición.

Disposición transitoria

Trala entrada en vigor do presente regulamento procederá respecto dos obxectos perdidos que nese momento estean nas dependencias da Policía Local de Ferrol do seguinte xeito:

- 1.- Publicarase na páxina web do Concello unha listaxe xenérica completa de todos eles e deberase especificar o ano no que foron depositados. Coa publicación desta listaxe concederáse un prazo extraordinario dun mes durante o cal as persoas posibles propietarias que estean interesadas poderán reclamar a propiedade dos obxectos perdidos. Para a devolución destes obxectos cumpriranse as regras establecidas no artigo 7 deste regulamento.
- 2.- Transcorrido o prazo previsto no apartado anterior procederá conforme ao establecido no artigo 12 respecto de todos os obxectos que

se acumulen á finalización dese prazo un período de depósito superior aos dous anos.

3.- Respecto dos obxectos restantes aplicarase paulatinamente o mencionado artigo 12 a medida que transcorra o período máximo de custodia dos dous anos desde a data da súa entrega nas dependencias da Policía Local.

Disposición adicional única

Convenios de colaboración

Poderanse establecer convenios de colaboración con persoas jurídicas públicas ou privadas co fin de mellorar a xestión dos obxectos perdidos.

Disposición final primeira

Facúltase ao Alcalde/Alcadesa Presidente/a do Concello de Ferrol e por delegación súa á correspondente Concellaría Delegada da Área de Seguridade e Tráfico para interpretar este regulamento e para ditar, de ser o caso, as pertinentes instrucións complementarias necesarias para a súa aplicación.

Disposición final segunda

De conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Ferrol, 22 de de outubro de 2021.

O Concelleiro delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal. (Por Decreto de 8-7-2019. BOP. 22-7-2019)